

Singularidade

Pablo Texón

Tradución de Xoán Montero Domínguez



Singularidade

Pablo Texón

Tradución de

Xoán Montero Domínguez

Publicaciones Ámbitu

NUSHU

XA pasaron dous anos do pasamento de Yang Huanyi, a derradeira falante —se é que a depositaria última dun idioma se pode chamar *falante*— de nushu, a única lingua do mundo usada exclusivamente por mulleres. A opresión, o sometemento e o medo levaron a unha comunidade feminina do sur da China a desenvolver un código secreto, unha linguaxe furtiva e privada que asegurase a calor das palabras, a complicidade dos sons, do mesmo xeito que os escravos de Lousiana crearon o jazz golpeando con pés e mans en cuartos escuros ao estar prohibido o son do tambor.

Os caracteres de nushu —os seus manuscritos son moi malos de atopar porque acostumaban enterrarse coas mortas— semellan unha flor delicada que adorna os panos perfumados onde se escribían os San Chao Shu, recomendacións amargas e resignadas que lles daban ás casadas aos tres días do matrimonio e que, como eco das pedras do Yangtsé, resoaron nun val de Casu ou de Somiedu en forma de romance: “Agora que te despides / de la xente’l nuestro bandu / pon el pañuelu nos güeyos / nun digan que tas llorando”.

Coñecía Suzette Haden Elgin o nushu cando escribiu *Native Tongue (Lingua Materna)*, obra futurista onde as mulleres crean unha linguaxe (o láadan) para acadar a liberación do brutal poder masculino? Outra vez as palabras como resistencia, como último reduto de homes e mulleres... Díciame David González, poeta, despois de ler o meu relato *Catedral*, que o asturiano casa ben co ton carveriano (por Raymond Carver) porque é unha lingua de tristura e desencanto. Tamén de resistencia. Por iso, dentro do caixón que fixo que miña avoa volvese á terra, ía un pano con letras, palabras, flores mortas.

TRES

MIÑA nai naceu o día que entra a primavera. Andando nove días cara a atrás no calendario —na folla do terceiro mes do ano— viu a luz meu pai. Andando nove días cara a adiante, meu irmán. Dando tres pasos de tres días desde o centro de miña nai percórrese a miña cosmogonía. 12 (un máis dous igual a tres) de marzo, Felechosa. 21 (dous máis un igual a tres) de marzo, Vilagarcía de Arousa. 30 (tres igual a tres) de marzo, Uviéu.

Agora que a primavera é un titular no parte das tres, a conta atrás de tres meses até chegaren as vacacións e o verán nos faga esquecer os trevos que botaron os prados, en Felechosa, tres paisanos, sentados no banco ao lado do banco, murmuran que o edificio de máis de tres pisos non lles deixa ver a plenitude verde do Monte Alende.

En Vilagarcía de Arousa, tres ionquis que non son quen de lembrar as cancións senten na pel a aura nova que trae o sal do mar. En Uviéu, tres mangallóns buscan tres mozas con perfume capaz de virar o sangue.

Eu, neste terceiro piso de Pedro Masavéu 33, a carón de Los Catalanes, decido onde pór til para non confundilo coa preposición. O tres é a cifra que se agocha tras as esquinas da miña vida. O número de detrás. Asómome á xanela e podo ver a casa dos tres cuartos, a casa onde hai unha cama baleira, a casa onde sempre vai ser primavera.

ANDAZO

CANDO, na súa campaña *Apadrina una palabra*, a Escuela de Escritores lle encomendou a José Luis Rodríguez Zapatero a escolla dunha palabra para sacala do esquecemento, o Presidente do Goberno rescatou a verba *andancio* (“enfermedad epidémica leve”, na pobre e intrusa definición do DRAE). Ten o seu aquel que cando lle tocou facer a xeira épica de salvar un termo non tivese máis remedio que botar man do vello substrato astur-leonés, dos ecos que xa agonizan dunha lingua subterránea.

O andazo leva no ADN un aire de resignación e de aceptación da incerteza. O andazo —en Felechosa, *andá*— é a causa indeterminada dun síntoma indeterminado: *la malera*. É o orballo que traspasa, o vendaval invisíbel, a partícula que se mimetiza co corpo ante a cal a consciencia só é un engano. O andazo percorre a historia dos homes: o andazo do saber nun cazador de Atapuerca, o andazo da inmoralidade ágrafa de Carlomagno, o andazo do horror en Mauthausen, o andazo do entusiasmo en Anfield cantando o *You’ll never walk alone*, o andazo do odio nun exército destinado en Tetuán, o andazo do silencio no cemiterio de Urbiés.

Na noite escondida e doce do Mediterráneo, chegou a Benidorn un home incerto cunha pedra e un baúl. Coa pedra ergueu un monumento de señaardade e evocación. No baúl levaba a palabra *andazo* e non se abriu até este sábado (casualidade ou non, catorce de abril), cando a asociación ultradereitista España 2000 decidiu infestar as paredes, os camiños, as memorias dos mortos. Neste tempo sen futuro, nestes días amnésicos, só nos queda aprender a inmunizarnos contra o andazo da ignorancia.

CULMINAR

MENTRES o mundo se entretén celebrando o día do libro, eu celebro o meu aniversario. Si, nacín o 23 de abril, o mesmo día que William Shakespeare (iso si, segundo o calendario xuliano), Vladimir Nabokov ou Roy Orbison e na mesma data na que morreron William Shakespeare (iso si, segundo o calendario xuliano), Miguel de Cervantes ou Josep Pla. Estas eventualidades non din nada de min, pero, se pode ser, mellor coincidir con estes e non con Antonio Gala, David Bustamante ou José María Aznar.

Nacín un 23 de abril de hai 30 anos e ese tres —outra volta ao tres— aparece coma un cumio novo, coma un pico que hai que culminar para chegar a outro val, a un treito novo que, con sorte, ha durar dez anos. Tres vales, tres décadas e o mundo preséntase como un labirinto con moito por vivir e con nada por descubrir, que é, nin máis nin menos, o mesmo que pensaba aos dez e aos vinte, o que certifica, certamente, que estou equivocado.

É esta unha idade na que é máis esperábel sacar unha oposición que montar un grupo de rock, na que é máis normal comprar unha neveira ca unha camiseta de Sonic Youth, na que a bebida xa se valora polos anos que ten e non polo barata que é, pero eu creo —ou quero crer— que cada día que pasa son máis radical, é dicir, máis buscador dos raizames do mundo, da historia e dos bicos. Co raio fresco da mañá na cara, sinto nas costas os tres vales andados e avisto de fronte o cordilleira que me agarda, os cumios que hei culminar coa mochila cada vez máis cargada de libros e rosas.

MIL PALABRAS

TODOS os días, ao chegar do traballo, escoitaba na radio un anuncio que me obsesionaba: unha voz seseante —a do Profesor Maurer— dicía: “Está demostrado que más del 85% del inglés que hablamos lo forman sólo 1000 palabras. Por eso, si una persona desea hablar inglés, ¡lo único que necesita es aprender las mil palabras clave más usadas!”. Todas as veces que o escoitaba arrepiábame esa grandeza científica, ese pouso de filólogo tranquilo e compracente. Despois, unha voz feminina tentaba poñelo nun apuro e preguntáballe: “Profesor Maurer, ¿cómo puede garantizar que mil palabras son suficientes para comunicarse en inglés?”, ao que respondía seguro de si mesmo: “Yo le aseguro que con mi método *El inglés con mil palabras* miles de personas de todo el mundo ya lo han aprendido, en muy poco tiempo y sin invertir años de *sacrificio* ni grandes cantidades de dinero”, xusto antes de que unha voz e unha sintonía tan de casa como a televisión ou o felpudo cantase: “CCC, 902-20-21-22”.

Non puiden resistir esa elegancia intelectual, a ese sobrevoar a historia da lingüística e propúxenme coñecelo. Chamei a ese número que xa vive no meu subconsciente e indicáronme o enderezo da academia esa. Gran Vía, 42. Ao día seguinte, collín un ALSA (eu neses casos téño moi claro, hai que consumir produtos asturianos) e planteime en Madrid, na procura do meu ídolo novo e supremo. Ao chegar ao edificio, chocoume non atopar un cartelón inmenso (co que é o CCC...) e é que o gran facedor de soños dos humildes ten a sé no baixo esquerda, nun garito de 10 x 10, total —dixéronme despois—, “para qué queremos gastarlo en renta si ahora se hace todo por internet”. Abriu a porta unha señora con rulos que acababa de deixar a calceta e que tamén era a telefonista (era agarrar o teléfono e cambiar a voz e o trato cunha eficacia incríbel, porque ser era ruda e protestona). Nunha mesiña do IKEA, entre dicionarios e papeis, estaba o obxecto da miña viaxe, a orixe da miña epopea.

Achegueime a el emocionado, nervioso, cun tremor absurdo e marabilloso ao tempo. “Hola, señor Maurer, soi Pablo, pueo parl.lar un poco con usted” (supuxen que un políglota coma el se defendería sen problemas en felechueto...). A verdade é que foi moi amábel comigo, convidoume a un vaso de auga (teñen eses botellóns de cinco litros nos que pos o vasiño de plástico debaixo e calcas nun botón para que cha bote) e contoume moitas cousas de súa vida. A verdade, é de Torrejón de Ardoz, pero traballou moitos anos de camareiro na cantina da base da OTAN. Por iso ten acento americano. Alí coñeceu a xente importante como Gracita Morales ou José Luís López Vázquez e

díxome que os *ianquis* eran moi educados e traballadores, que sempre foron moi bos con el. Despois de horas e horas de charla atrevínme: “Profesor, mire, ye que yo quería aplicar el so método al asturiano”. Entón, púxose violento, cambiou a cor da cara e contestou anoxado que tiña o *copyright* para os próximos cincuenta anos e que iso nin tocalo. Quedei bastante amolado porque xa tiña nome e todo para a academia (“Xe Xe Xe”), pero, pensei, que demo, non teño présa. Á volta, avistando pola xanela a terra seca de Lagunas del Duero, sentínme importante e necesario, sabía que tiña nas mans unha misión épica, heroica, case que utópica: atopar dentro de cincuenta anos mil palabras en asturiano.

AMOR E PEDAGOXÍA

NAS noites eternas do inverno, meu avó, estando eu sentadiño na cama, sentaba ao meu carón e preguntaba: “Por onde vai o soniño?” Eu marcaba co *matapiollos* un punto que simbolizase o meu estado na liña imaxinaria entre a caluga e o nariz. Canto máis preto dos ollos, máis sono tiña; canto máis lonxe, menos. Esta xeografía da tenrura era boa de cambiar e cando meu avó vía que quedaba moito camiño por andar até chegar ao *soniño*, contábame un conto, as máis das veces aquel que comezaba cunha raposa picando nunha cabana e pedindo: “Zoqueiriño, dásme pousada?”

Este luns, presentouse en Morea o terceiro volume do Atlas Sonoro da Lingua Asturiana. Ambás, coma sempre, con amor e pedagogía, deu paso a Ana e Julia Fernández de Yananzanes e a Vitoria Álvarez de Roayer e explicou a perversidade inxenua do cartel que penduraba da porta da casa da cultura: “Presentación del Atlas de los Bables de Aller”. As señoras, chegadas da perruquería, tardan en acordar —é o bloqueo da subversión, a subida anómala ao escenario dos que non teñen voz— antes de botar as súas cántigas, de contar historias tan vellas coma os camiños. A emoción toma o auditorio que se recoñece, herdeiro e alleo ao tempo, nas palabras e na mirada das tres mulleres, pero, para min, cando o mundo parou un momento, cando o aire quedou petrificado foi cando Ana proxectou a voz, xuntou as mans e comezou a contar dunha raposiña que chega a unha cabana e grita: “Zoqueiriño, dásme pousada?”

Carretamos pedras para erguer unha muralla milenaria, unha muralla que esvaece máis rápido do que crece. Unha muralla que deixa pedras mortas no camiño e quitálas é doloroso, apartálas para a cuneta é duro, pero necesario. O asturiano non é porque o falase meu avó: é porque o falo eu. O malo é estar tan sós, tan perdidos na metade da nada. Pedagogía para o futuro. Para o pasado, amor. Tanto amor.

JUSTICE & LULO

VÉN a Xixón Justice Yeldham, un terrorista de sona que fai música cos ruídos dun cristal amplificado. Amarra aos cadrís un corno de cables e conmutadores que dan resonancia eléctrica aos espaventos que debuxa coa cara no cristal e, no paroxismo de público e música, as máis das veces acaba sangrando, mesturando a alma coas plaquetas e o estrondo. Justice non coñece a Lulo de Val.lau, que toca a folla de hedra. Agárraa entre os dedos, arrímaa aos beizos e sácalle os sons que lle pide o corazón e a boca.

A arte sempre nace da necesidade. Justice, no crisol fervendo de Australia, cansou da voz e o mel de Neil Finn e sentiu a necesidade desproporcionada de ser pioneiro en algo, de traspasar os desertos e os mares que o afogaban. A posmodernidade consiste niso, en ser o primeiro. Desde Duchamp un váter só vai ser un váter, desde Warhol un bote de sopa Campbell's só vai ser un bote de sopa Campbell's, desde Manzoni a merda só vai ser merda. Só eles, e só unha efémera vez, puideron converter eses obxectos en arte. Lulo o que precisaba era a gaita que deixara na casa, o que quería era unha harmonía que matase aquela soidade de paxaros no monte, o que botada de menos era a voz doce e meiga de Amparo cantando: “—¿De dónde vienes, Gerineldo / tan blanco y descolorido? / —Vengo por estos jardines / cogiendo flores y lirios / la fragancia de una rosa / todo el color me ha comido”.

Lulo sabe que é o primeiro e o último á vez: que nunca o aire volveu ao monte igual que cando el pousa os beizos na folla de hedra; que nada do que aprendeu neste mundo vai permanecer máis tempo ca el sobre a terra.

A NAI DE WOLFOWITZ

QUE pouco pensamos nas nais, amor! Quen lembrou a nai de Paul Wolfowitz cando apareceu en todas as televisións con eses calcetíns? Quen pensou no mal que lle tivo que dar á pobre muller cando lle viu, vía satélite, unha deda e despois a outra ao chambón do fillo? Se xa llo ten dito: Paul, se non tes vagar para arranxalos, bótamos para aquí que cho fago eu nun momentíño, se até me presta, parvo, non ves que desde o de teu pai estou moi soa e folgada...

Tampouco lle gustaba a moza esa que botou, si, era moi curiosa e cabeza tiña abondo, pero era moi nena para el, esas sempre andan detrás dos cartos e, mira ti, que o enganou para que lle subise o posto e a paga, pobriño, e que o boten por iso, que o boten por amor... De tan bo que é, parece parvo, aínda que estando o burro onde quere o amo, vaia, estando el a gusto, que vai dicir a nai.

A nai de Wolfowitz tamén sabe que o fillo é un dos responsábeis da invasión de Iraq. Desde aquela, recorta todas as noites as noticias que teñen que ver coa barbarie e conta as vítimas nun caderno de tapas negras. Tamén reza. Polos mortos e pola alma do fillo. Sabe que sempre foi un desleixado coa roupa e que pode facer calquera cousa por amor; tamén sabe que a eternidade non o vai xulgar por iso, senón por encher de espanto os ceos de Bagdad. De todos os xeitos, cando Paul veña comer o domingo, un pouco avergoñado e moi canso, ela vai aloumiñarlle o pelo cano, vai acariciarlle doce a cara e vai reprocharlle entre risas: “Ah, carneiro, o que non che perdoo é o dos calcetíns!”.

SILENCIO

DESPOIS do ruído electoral hai unha sensación de silencio. Até os carteis dos candidatos parecen retratos de seres mudos, fotos de trampóns silenciosos que xa botaron a partida. Os operarios municipais tardan semanas en quitalos porque saben que ese mutismo dá grandeza, saben que o silencio é unha cerimonia sagrada. Gardamos — onde o gardamos? — un minuto de silencio cando desaparece alguén importante para a comunidade, pídennos calar no teatro, na ópera, nos recitais de poesía, a rede sanitaria contrata mimos (profesionais do silencio) para pedirnos que non molestemos aos enfermos co noso ruído parvo.

Mais o silencio non existe. Iso foi o que aprendeu John Cage cando conseguiu entrar na cámara acústica da Universidade de Harvard na procura da ausencia total de sons e comprobou a imposibilidade de tocar a dimensión física do silencio: sempre permanece o ruído de fondo do sangue galopando polas veas, dos leves roces celulares, do renxer ínfimo do pelo e das unllas ao medrar. Aprendeu que o silencio, como todo o importante —casa, amor, futuro—, é un construto mental, un xogo, un pacto. Como a arte. Por iso creou *4:33*, unha obra para orquestra formada por catro minutos e trinta e tres segundos de (agora si) silencio. Máis nada.

Nunca estiven tan preto do silencio (e, por tanto, da ficción) como no *Preu Felizón*, onde a polifonía dos paxaros, o murmurio covarde de Taío (o río) e a danza infantil de Taío (o can) tecían unha atmosfera impermeábel da alma. Dos restos diso intento crear o silencio máis importante: o da noite, o da soidade da cama. Vivir é amasar días para na noite sermos quen de calar os gritos crueis da conciencia.

INFORME DE AUTORREXISTRO

DESCONFIABA da ciencia, pero non estaba moi seguro de que a psicoloxía fose ciencia; si que sabía que o saco da noite era demasiado fondo, que os precipicios da alma non aguantaban máis corvos voando, que as cordas que o aseguraban ao chan eran demasiado febles e artificiais. Por iso pediu cita no consultorio que lle recomendara un vello amigo dos tempos arcanos e inverosímiles de poesía.

Na primeira sesión, o doutor deulle un informe de autorrexistro onde tiña que contabilizar na seguinte semana a frecuencia das súas adicións domésticas: un pequeno cadro para o tabaco, outro para a cervexa, outro para o whisky. Non trouxo luz este test de autoavaliación e o psicólogo, quizais empurrado pola febrilidade do paciente X, foi aumentando, sesión a sesión, os ítems cunha obsesión case demencial, rexistro de bicos, de pasos, de miradas furtivas, de pensamentos impuros, de voltas na cama, de saúdos nos ascensores.

A décima visita repetiu a angustia ao saír da casa, a inseguridade ao cruzar o último semáforo e a morosidade da espera. Na sala, cautivo e arrebatado, rodeado de revistas de decoración e de espectadores, —de esperadores— ansiosos e mudos, escribiu, tantos anos despois, con man torpe un verso seminal e luminoso, terminal e escuro. Un verso que meteu no bolso con pouca maña, un verso que caeu ao chan media hora despois, cando se despedía por décima vez do doutor, que foi quen se agachou para apañalo, quen o leu con urxencia e culpa, antes de llo entregar. Cando cerrou a porta, agarrou, resignado e alumeado, o expediente e destruíuno. Pediuulle á secretaria que anulase a seguinte cita: el non era quen de poder curalo.

CORDA

MIÑA avoa tiña un soño recorrente: baixaba a Col.lanzo, recreando a veiga húmida que modela o Río Braña, e alí, despois de darlle abondo á lingua, atopaba un veciño que lle decía: “Á Rosa, ¿Llévasme'l coche hasta'l puilo?”. Entón ela, coa naturalidade e elegancia que a habitaban, levaba o coche da corda, chegaba a Felechosa saudando e co coche agarrado á corda e gritaba aquí e acolá: “Tríxelu yo. Del ramal”.

Sempre me pareceu grandioso ese proceso onírico de animalización do obxecto ou de cosificación do animal porque non sei moi ben se o que levaba, no seu maxín da noite, era un coche con patas ou unha vaca con rodas. No fin da vida, a pureza da alma conduce á humanización. Por iso meu avó creu durante anos que detrás do portón accionado polo mando a distancia do noso garaxe ovetense había un home —moi ben agochado el— que o cerraba e abría. Detrás das ondas electromagnéticas, el xa o sabía daquela, está o home.

E eu, que teño o vicio da indecisión, sempre quixen animalizarme ou cosificarme ou humanizarme e que alguén de mirada limpa e paso seguro, miña avoa, por exemplo, me levase da corda. A xalundes. Porque sei que alí había estar ben. Porque sei que estas pernas bastardas só me poden levar á nada.

TUNDA

ESTÁN xulgando estes días en Francia a seis veciños do lugar de Lussaud acusados de agredir ao escritor Pierre Jourde. O valente sexteto quixo arranxar contas coa ficción a base de golpes e fixéronlle pagar ao pobre que retratase a idiosincrasia do pobo —que enmascara baixo o nome de Pujol— no seu libro *Pays perdu*. A Jourde déronlle unha malleira por dicir, resumindo, que son borrachos, hipócritas e adúlteros.

Esas hostias son un gran triunfo para a literatura. Porque consegue determinar, influír e chocar coa realidade. Porque un escuro xuíz de Aurillac tivo que ler unha novela para completar o sumario do caso. Porque nos fai crer outra vez que a literatura é un puño cheo de futuro. Resulta utópico, sobre todo para aqueles que escribimos nunha lingua invisíbel e nun mundo que agoniza, esa coitelada brutal co cosmos de fóra, esa rotura violenta da raia da ficción. Non custa imaxinar un mundo distinto onde haxa un hospital de escritores, un reduto de agravios doentes. Xa postos, por que non pensar nun director un tanto *kitsch* que puxese nomes pintorescos ás dependencias do sanatorio: quirófano Oscar Wilde, cuarto de curas Franz Kafka, sala de espera Herman Melville...

“El, alto e un pouco mal feito, leva na mirada un odio antigo e irracional que o empurra a forzar a porta. Avanza polo corredor até que ve, diante do ordenador portátil, ao ser dos rizos roxos. Maldí o seu pasado e dálle unha tunda que o deixa baldado no chan”. Nada, outro intento de balde. Sigo intacto e frustrado: non estou para que me arreen os personaxes, nin sequera para que me insulten ou me boten o mal de ollo. Terei que conformar con facer e desfacer castelos de aire no aire. Iso si, algo bo ten que ter ser un escribente de provincias: teño todas as costelas no seu sitio.

SETEMBRO

ENGÁNANNOS cando nos din que o ano comeza en xaneiro; está visto que comeza en setembro. Por iso, só agora teñen sentido os propósitos de emenda e os anuncios de fascículos. Eu, que, a estas alturas, xa sei que non vallo para coleccionar selos do mundo, confórmome con recoller setembros, con descubrir unha vez máis que na miña casa hai un curruncho que esquecín, que estes dous meses medrou unha selva que teño dez meses para reconquistar.

Na miña aldea —Felechosa— a festa do Carme celébrase extemporaneamente o domingo en que agosto morre porque primeiro había que ir á herba e polas canellas só quedaban sombras e gatos. Na miña cidade —Uviéu— as festas tamén son ao rematar o verán porque aquí tamén se abandona a pedra e o barro para ir ao verde, ao aire, a beber viño pola bota en hoteis de catro estrelas. Setembro ten a virtude do agasallo, da prórroga, é a sétima vida do gato, a antesala dunha frustración xa efémera porque avellentar é reducir a marxe da decepción.

Eu, en setembro, volvo soltar ao espazo estes parágrafos, o mesmo que meu avó volvía de Castela cunha carga irmá da que levará tres meses atrás: un par de zocas, catro pedras de afiar, o corno e a gadaña amarrada ao mango. Os dous volvemos á casa, ao escano, ao río eterno. Outro setembro. Outro ano. A mesma vida.

MANS

TEÑO unha amiga xordomuda. Desde que a coñecín, aceptaba resignada a miña fascinación pola súa linguaxe e botabamos as tardes enredados nun xogo que non tiña intercambio de roles posíbel: ela debuxaba unha imaxe coas mans e eu tiña que adiviñala. O silencio lento do interior dunha fervenza, o canto dun paxaro nun cumio dos Andes, un león degoirando a punto de cazar unha cebra. Eu pasmaba coa maxia desas mans, con esa colección de poesías instantáneas e artesás que me ofrecía cada tarde.

O caso é que hai uns meses tivo otite, pero iso non a incomodou, non era preocupante máis alá da molestia pasaxeira da dor. Cando se preocupou de verdade foi hai unha semana, cando o médico lle confirmou as sospeitas: tendinite nos dous cóbados e todo por mor de dez anos gastando malas posturas ao tocar o violín. A miña amiga quedou sen palabras, quedou muda polo repouso abrigado de brazos que lle mandou o doutor. Quedou tamén sen música, porque a vibración que transportaban os ósos desde a madeira do violín até o corazón era a única vía de contacto que tiña coas musas da harmonía.

Agora que esta afonía me ten baleiro de verbos, lémbrome da miña amiga, da condena efémera que compartimos e daría a alma por ter as súas mans, os seus dedos, os seus brazos para poder modelar o inefábel. Porque xa sei que estas extremidades conectadas co mundo a través destas teclas son ferramenta pobre, son ruín cousa para dicir o que quero dicir: amor, paixón, futuro. Dádeme unhas mans, dádeme unhas mans.

GALBANA

NESTES días de galbana encho as horas de cousas minúsculas, de paraísos efémeros e desexaría de verdade ser invisíbel, non ter un traballo, non ter un corpo, non ter un enderezo de correo electrónico. *Escoitar música, ler novelas, durmir, desordenar a casa, camiñar aceptabelmente a modo.*

Nestes días de galbana é denso o tempo como mercurio reticente, son pouco aproveitábeis as horas porque só teñen a misión de pasar, de non botar raíces, como os chineses que sementaron de ferro o oeste americano e estaban privados de alcohol e mulleres para querer sempre volver. *Esquecer a axenda, non chamar por teléfono, mirar pola xanela, falar baixo.*

Nestes días de galbana aborrezco abandonar as sabas, ser moeda de curso legal outra vez, volver ostentar un DNI, recoñecerme nos espellos. *Nunca lembrar o día anterior, non abrir os agasallos, cobrar os cheques mañá.*

Nestes días de galbana as distancias son moi longas e os pasos moi curtos, pero iso dá o mesmo porque non hai a onde ir e —acabo de lembrarme— din que iso é a felicidade. *Non ler os xornais, non coñecer as capitais do mundo, escribir este artigo.*

Nestes días de galbana teño o proxecto máis ambicioso: facer un monte dun gran de area.

LAPIS

O SINO máis visíbel de que un pasou de ser neno a ser outra cousa é o abandono do lapis. Os pasos han ser firmes para entrar na madurez e a maxia da boliña impregnada que coroa o bolígrafo iguala as aulas. Só o ensimesmado ou o lento leva ás costas a vergonzosa carga do pasado, escribindo coa ferramenta dos que fallan tanto que están todo o día rectificando.

O mundo dos adultos é o mundo da tinta, do incorrutíbel, do invulnerábel aos borradores. Pechamos os nosos contratos, inauguramos os nosos casamentos, asinamos as nosas hipotecas con plumas estilográficas que só saben camiñar cara a adiante porque ostentamos o orgullo da tinta: ou o orgullo a secas.

O lapis é a folga da madeira e o carbón que volven de novo á arbore feita folla, é un instrumento analóxico e atávico. Lembro que meu avó os afiaba á navalla, traballábaos o mesmo que cando facía zocas e seguro que, ás veces, o cheiro da punta lle lembraba o cheiro profundo do pozo Santiago. Meu avó sempre escribía a lapis. Por iso non se escondía cando choraba.

MARCHA

CINCO séculos antes do ano cero, o esforzado soldado Filípides deu en percorrer o máis rápido posíbel a distancia que separaba a chaira de Maratón da cidade de Atenas. Emocionado por levar a noticia tan improbábel como doce da vitoria, fixo os 42 quilómetros, chegou á capital, gritou “gañamos!” e morreu canso da andaina e da responsabilidade. Agora lembramos a súa marcha cada catro anos entre anabolizantes e nandrolona.

Este sábado van saír seis tropas desde Avilés, Xixón, La Pola Siero, Trubia, Mieres e La Felguera que van percorrer máis ou menos o mesmo treito que Filípides, aínda que estes soldados non van levar no bolso un anaco de ilusión, senón un certificado de defunción. Por iso non van poder morrer cando cheguen, unha vez máis, á Estación do Norte de Uviéu. Non ía faltar, iso si, quen alombase coa ringleira de caixóns do morto, quen oficiase os funerais, quen venerase o exquisito cadáver. E xa se sabe que nada une máis ca un enterro.

Igual os nosos netos lembran cada catro anos aquela marcha (que queren converter en) inútil como na miña casa lembramos o camiño que fixo Antón el del Mol.lero: despois de despachar a xornada, decidiu darlle unha sorpresa á súa pastoriña e, desde El Gumial, plántase na súa cabana de El Mayaín. Tres horas botou en cruzar Cel.lero, La Tabierna e La valencia; cando chegou —xa era noite pecha—, topou trancada a porta. A pastoriña xa estaba botada no catre e Antón botoulle voz. Ela, covarde e ansiosa porque entrase respondeu mimosa “Toi cha” e el, resignado e pequeno, dixo “Si tas cha, tas cha” e volveu para a casa entre bágoas e curuxas. Agora o que nos queda é petar ás portas para que nos miren aos ollos, para que recoñezan en nós o seu aspecto, para que do noso corpo non vexan só os pés que deixou descubertos unha saba.

SIGNO DE INTERROGACIÓN

O SIGNO de interrogación é unha exclamación con cabeza. A uniformidade plana, a ausencia de curvas, a chaira predicíbel do signo exclamativo dóbrase, voltea e xera unha cabeciña no interrogativo, ao menos no de peche, porque esta reflexión case ramoniana non funciona cando o aplicamos ao signo de apertura e, se funciona, débúxanos un ente coa cabeza nos pés, ruín representación se o que queremos é ponderar a sensatez da pregunta. E, como non se pode facer o pino eternamente, parece que o pobre ten os días contados.

A maioría dos falantes das linguas codificadas co alfabeto latino non coñecen na súa norma escrita o signo interrogativo de apertura. Por iso, no teclado de moitos teléfonos móbiles (a globalización era iso), tópase o signo de peche ao principio da restra de símbolos e o outro, ao final, entre os menos usados. Ademais desa ausencia na normativa de moitas linguas, na praxe escrita contemporánea, o principio de economía lingüística provoca que a xente nas súas comunicacións opte por non usar ese signo de apertura. E é que, derrubando o mito elitista-culturalista, nunca se escribiu tanto como na actualidade, de xeito que esa masa escribinte ten cada vez máis forza.

Eu presinto que dentro dunhas décadas na ortografía castelá (e, xa que logo, na asturiana) vai desaparecer o signo de apertura na interrogación, non só pola presión social, senón tamén porque a experiencia normativa noutras linguas demostra que a duplicidade de signos serve para arranxar ben poucas ambigüidades léxicas. E podemos estar tranquilos: non se vai armar unha revolta en contra; o de quitar interrogantes é un asunto ao que estamos moi habituados. Desde que nacemos, os adultos viven para atallarnos as preguntas, para converter en gritos retóricos as nosas inquiredanzas: para quitarnos interrogantes até nos chegar a hora de quitarlos a nós.

Un pensaba que a literatura, que a arte, que a vida valían para dar resposta a todas as preguntas do mundo. Co tempo, apréndese que o valor está na pregunta: os que preguntan son os valentes; os que responden, aventurados. Ben visto, usar só o signo de peche conecta coa esencia da vida: camiñamos por terreo seguro, por terra firme, andamos armados de certezas até que un soldado cabezón —sen aviso previo— nos dá o alto e nos arresta e nos mete na cadea das dúbidas. Onde vivimos.

SINGULARIDADE

A PALABRA “señardade” vén do latín “singularitatem” e quere dicir que a melancolía é singularidade. E a etimoloxía, unha vez máis, di a verdade: a lembranza fainos particulares —convértenos en individuos—, a dor só existe no concreto. Ninguén chora pola idea de amor, ninguén se suicida polo concepto de soidade, ninguén golpea unha almofada pola noción de desconsolo.

Un executivo atacado a traizón por aquel cantar que tantas veces escoitara con ela; un cociñeiro emigrante en Suíza que prepara os fogóns derradeiros; unha mestra que non é quen de durmir porque vén de enterrar o pai. Ningún deles cre que a súa dor sexa reducíbel a universais. No pranto crémonos únicos e a pena é inconsolábel porque pensamos que está a ser vivida por primeira vez no mundo, que ninguén nos pode dar consellos porque ninguén puido vivir a experiencia.

A memoria transforma a historia a semellanza nosa. Por iso é singularidade. Non hai lembranzas iguais do mesmo ambiente, nunca hai dúas versións idénticas dos feitos, da mesma maneira que non hai dúas bágoas iguais, da mesma maneira que nun campo de concentración non hai un sufrimento, mais si cincocentos mil distintos e xenuínos.

E, espectadora e facedora ao tempo, a literatura ha obrar o milagre e unir pasado (señardade) e futuro (ambición); ten que mostrar a singularidade, as singularidades e, nun espavento máxico atinxir que a conectemos coa universalidade. Ten que facernos saber que somos puros, pero que non estamos sós. Aínda que o día en que non sexamos distintos, únicos, irrepetíbeis na dor, ese día, acabará o ser humano.

PRESOS

ESTA semana visitei a Unidade Terapéutica do Centro Penitenciario de Villabona, que é a parte maquillada do cárcere, a visión amábel da prisión. Neste módulo de presenza voluntaria os presos teñen que seguir unhas normas estritas de conduta: levantarse ás sete e media, lavarse e mudarse, asistir ás clases e obradoiros programados, deixarse supervisar cada minuto de tempo libre. É o único sitio do centro libre de droga e calquera indicio de violencia física ou verbal implica a expulsión inmediata. A autoxestión chega mesmo ao establecemento das normas de disciplina interna e das sancións, consensuadas e compartidas. É o Edén dentro do Inferno, Utopía ao pé de Mauthausen. A Unidade Terapéutica non é unha microsociedade, é un microcosmos onde os planetas gravitan silandeiros seguindo o seu designio. O camareiro, o varredor, a cociñeira; todos eles son presos, todos eles representan polo baixo o seu papel na obra.

Mario usa tenis Vans e sudadeira con capucha Quiksilver; ten dezanove anos e unha brillante carreira académica detrás. Nunca tivo a necesidade de evadirse dunha realidade demasiado agradábel, só quería pasalo ben e que os demais tamén o pasasen. Hai medio ano deixou plantada á moza no restaurante onde quedaran para cear porque o apañaron carretando no coche as provisións lisérxicas dunha festa que daban os amigos. Fabio é negro e naceu en Lisboa; aos tres anos veu para o norte e nunca deixou de ser a ovella negra do rabaño, o que o encheu de rabia e ira contra o mundo, que desquitaba repartindo hostias posto até arriba. Ana leva vaqueiros axustados e xersei de colo alto; móvese como unha modelo, o que lle serviu para conseguir un traballo en Zara, onde coñeceu ao máis guapo, ao máis rico e ao máis xeneroso. Unha noite, a garda civil deulle o alto ao Ferrari que, sen ela sabelo, levaba un arsenal de coca nunha maleta. Manolo é de aldea; nótaselle ao falar e na maneira de sentar na cadeira de tesoira. Manolo cansou de ser “un xan” e quixo facerse co poleiro. Nunha festa de prado, despois de moitos cacharos e un par de pelexas, atropelou a dous mozos. Tiña vinte anos. Catro anos despois entrou na cadea. É o espello o que nos dá medo. É recoñecérmonos neles. As súas vidas son demasiado parecidas ás dos meus amigos, á miña propia como para non crer que os protagonistas desta película podíamos ser nós, que no xogo das cadeiras a música parou no momento oportuno. Que só o azar ten a uns fóra e a outros dentro deses barrotes.

O cárcere é un fin en si mesmo: os xardíns coidados con tanto esmero nacen e morren encerrados, a comida vai ser dixerida e expulsada entre eses mesmos muros onde se amañou, os campións só poden gañar a liga do penitenciario. Ao chegar, o educador do centro avisa de que o cárcere non é como nas películas e o malo é que as rexas rodatorias, as celas de 2x4 onde non poden caber nin os soños, as mesas onde os presos recompoñen puzzles infindos, o arame que recobre os muros son moito peores que os do cinema. Mirando para as cabezas dos internos, observando a súa uniformidade, descóbrese unha verdade insólita: o cárcere é non poder escoller o perriqueiro. Ao saír, parece que o aire pega con máis forza na cara, que as pernas dan pasos máis longos, que os ollos chocan contra os montes. Ao saír, camiñamos seguros, volvemos á vida, a seguir cometendo os nosos crimes perfectos, impunes.

A LÍRICA DA BOLSA

AS MELLORES cousas do mundo son inefábeis. Así, o pracer volátil que asalta a boca ao beber viño do bo só se pode describir pola vía tanxencial da lembranza doutros sabores, da metáfora, en definitiva. Así, o amor, o odio, o medo só se poden expresar botando man da poesía, da metáfora, en definitiva. O mellor desta vida é impredecíbel, como o futuro que nos agarda tras a esquina oculta, como o tempo que vai facer mañá, como a declinación misteriosa dun dado.

Que nos queda inefábel e impredecíbel nestes tempos? Que ofreceu a modernidade, onde ocultou a poesía o capitalismo occidental? Na Bolsa. Para desquitar a nosa ambición de lírica, crearon (nunha mesa cadrada dun cuarto mal iluminado, seguro) a Bolsa. A Bolsa esquiva tan oufana as predicións, a Bolsa alimenta cruelmente as ilusións dos inocentes, a Bolsa rise de nós cada día. Os mellores analistas económicos —ao igual que os críticos literarios— non son quen de desentrañar o seu misterio, non poden mostrarnos as súas liñas mestras. Só poden, uns e outros, achegarse ao obxecto, tentar acoutalo, facer por botarlle luz. Describilo, sobar as súas entrañas, por definición, téñeno vedado.

Tamén quedan no parque, como nos versos, os románticos trasnoitados, os vellos corredores, tenros e inofensivos, que seguen indo cada mañá a formar roda e gritar coa man ao ceo polos seus ridículos capitais, mentres os investidores reais, os demiúrgos da verdade, deciden diante dunha pantalla no seu despacho, facedores do movemento novo, da corrente última.

Xa temos solución os escépticos, os ansiosos de experiencias poéticas, os desencantados do aire: investir, investir, cegos, febrís, investir. Até a derradeira pinga do noso corpo.